



A cantiga do rei Afonso x «O Sabio» que fala de Ribadulla

Henrique Neira Pereira
valdoulla@yahoo.es

Resumo. O cancionero medieval que denominamos *Cantigas de Santa María* consta de 427 composicións poéticas en lingua galego-portuguesa –algunhas delas con música– datadas entre 1270 e 1283, no reinado de Afonso x «O Sabio», rei de Castela e León que finou en 1284. As composicións conservadas están distribuídas en catro códices ou tomos manuscritos: un gárdase na Biblioteca Nacional en Madrid, dous na do Escorial e o cuarto na cidade italiana de Florencia. Dous códices conteñen unha cantiga na que aparece o topónimo Ribadulla.

Abstract. The medieval songbook known as *Cantigas de Santa María* is comprised of 427 poetic compositions in Galician-Portuguese language, some of them with music. They are dated between 1270 and 1283, during the reign of Alfonso x of Castile-León, who died in 1284. The preserved compositions are in four codices or manuscript volumes: one is kept in the National Library of Madrid, two are in El Escorial and the fourth one is in Florence. Two codices contain a medieval poem with the toponym Ribadulla.

Tanto un dos códices do Escorial –o coñecido como E–, como o de Florencia –o F– das *Cantigas de Santa María*, conteñen unha cantiga titulada «Esta é como Santa María deu fíos a u ome bõ pera coser a savãa do seu altar». Aínda que se comprende ben, en galego actual o título sería: «Esta é como Santa María deu fíos a un home bo para coser a saba do seu altar».

Na edición da obra realizada polo investigador alemán Walter Mettmann esta cantiga leva os números E273 e F39, en referencia ós códices dos que forma parte, e as súas 54 liñas distribúense en dúas páxinas¹.

O texto conta un milagre que fixo a Virxe María en Ayamonte (Huelva): un home visitaba a igrexa do castelo da localidade pola festa da Virxe de Agosto, que se celebra na actualidade o día 15, a Asunción de María. Na súa visita comprobou que os panos do altar non estaban en boas condicións e ofreceuse a coselos para deixalos

¹ Mettmann, Walter, ed. *Cantigas de Santa María / Alfonso x, o sabio*. Vigo, 1981, Edicións Xerais de Galicia. Páxs. 65-66.

ben, polo que empezou a buscar fíos, ou quen llos vendera ou llos dera, pero non atopaba alí ninguén que os tivese. E aí, na estrofa que ocupa as liñas 30 a 33 é onde aparece o nome de Ribadulla:

E maa ventura venna | quen altar assi desbulla;
e poren buscade fíos, | amigos, ca eu agulla
tenno que non á tan bõa | daqui ata Ribadulla
pera cose-los mui toste, | pero que vello semello.

A palabra *desbulla* podemos interpretala como «mantén» e *toste* significa rápido; o resto cremos que se comprende ben.

Por moito que o home buscaba fíos, ninguén llos facilitaba, ata que por fin chega o milagre: de repente, aparecéronlle enriba do ombreiro dous fíos. Tras agradecer con oracións o milagre el e mais as persoas que o acompañaban na igrexa, por fin con eses fíos puido completar o seu ofrecemento.

Vemos, pois, que Ribadulla aparece na liña 32. Pero ¿a que Ribadulla se refire? Non existía daquela, que nós saibamos, unha poboación de gran tamaño chamada Ribadulla e que fose coñecida fóra de Galicia como por exemplo a cidade de Santiago de Compostela.

Pero o que si existía xa na época das cantigas era a «terra» ou distrito de Ribadulla, que englobaría un conxunto de parroquias do curso medio do río Ulla, probablemente as que formaban parte do antigo arciprestado de Montesacro², nome que fai referencia ó Pico Sacro, o monte máis elevado da contorna.

O arcebispo de Santiago, que era quen ostentaba o señorío da comarca que circundaba a cidade, foi entre 1273 e 1281 Gonzalo Gómez³, e entre os cargos que o axudaban nas súas tarefas gubernativas estaba o dun notario que redactaba os documentos legais tanto da terra de Ribadulla coma da de Piloño, esta última sería un conxunto

2 A denominación de Montesacro cambiou e as parroquias do curso medio do río Ulla formaban parte no século xx do arciprestado de Ribadulla, o seu sucesor. A súa historia foi recollida neste libro:

Maceira Gago, Antonio D., dir. e coord. *O Arciprestado de Ribadulla*. A Coruña, 2001, Fundación Caixa Galicia.

Actualmente denomínase arciprestado de Ulla: <http://www.archicompostela.gal/arciprestazgo-de-ulla>, consultada a 6 de xullo de 2020

3 Wikipedia. *Lista de arcebispos de Santiago de Compostela*. En: https://pt.wikipedia.org/wiki/Lista_de_arcebispos_de_Santiago_de_Compostela, consultada a 6 de xullo de 2020.

de parroquias situadas na beira esquerda do río Ulla (Santa María de Piloño é hoxe parroquia de Vila de Cruces).

Coñecemos o nome do notario que exercía en 1276, Pedro Moogo, por un documento que asina nese ano, no que se presenta como «Notario jurado do señor archibispo en terra de piloño e de Ribadulla»⁴.

Para concluír a análise do texto dos cancioneiros, indicar que tradicionalmente se atribuíu a autoría das cantigas a Afonso X, pero as investigacións realizadas nas últimas décadas apuntan á participación doutras persoas coma o trovador Airas Nunes, a quen se considera santiagués. Isto permitiría explicar mellor a aparición do nome da terra de Ribadulla na grande obra promovida por Afonso X.

A denominación «terra de Ribadulla» mantívose no tempo e podemos seguirlle o fío a través da historia: o cargo de notario en terra de Ribadulla, por exemplo, existiu durante varios séculos, aínda que non sempre co mesmo título. Así, no ano 1400 Jácome González é «notario de Tabeirós e Ribadulla»⁵. E para o ano 1403 Garçia Peres preséntase como «notario publico da terra de Cornado et de Ribadulla»⁶. Pero de novo en 1413 Afons Balladares titúlase «notario publico de Terra de Taveyroos e de Rebadulla jurado por la Iglesia de Santiago» e é axudado por Eans Gago «escripvan»⁷. Nas seguintes décadas alternan «terra de Cornado e Ribadulla» e «Tabeirós e Ribadulla»⁸.

Xa no século XVII, Cristóbal de Regueira é entre 1616 e 1662 escribán e notario de Monte Sacro e Terra de Ribadulla e nas dé-

4 López Ferreiro, Antonio. *Colección Diplomática de Galicia Histórica*. Santiago de Compostela, 1901, Tip. Galaica. Páxs. 263 a 265.

5 Foro outorgado en 1400 polo mosteiro de San Paio de Antealtares. Documento número 191. Datos tomados de: Lucas Álvarez, Manuel. *El Archivo del Monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*. Sada, 1999, Edicións do Castro. Tomo I. Páx. 684.

6 Apeo de bens do convento de Santa Clara en San Miguel de Enquerentes (1403.07.01). Documento número 656. Datos tomados de: Rodríguez Núñez, Clara Cristela. «La colección documental de Santa Clara de Santiago». En: *Liceo Franciscano*. Santiago, 1993, Liceo Franciscano. Páx. 147.

7 Doazón de Tareija García de Godin (1413.12.04). Datos tomados de: Fernández Castro, Xoán Andrés. «A Estrada nos seus documentos antigos». En: *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*. A Estrada, 1998, Museo do Pobo Estradense 'Manuel Reimóndez Portela'. Páx. 28-30.

8 Neira Pereira, Henrique. *Vedra. Unha historia visual*. A Coruña-Vedra, Deputación da Coruña-Concello de Vedra. En prensa.

cadás posteriores atopamos as denominacións terra de Ribadulla, couto de Ribadulla e couto de Montesacro. Aínda no século XIX figura Antonio María Mareque París como asignado ós antigos coutos de Lestedo e Montesacro, desde 1850 ata 1868, e xa de 1869 a 1896 ten o cargo de notario da Ponte Ulla⁹.

9 Justo Martín, María José e Clara Isabel Pérez Zalama. *Inventario de protocolos notariais. Santiago de Compostela: 1506-1896*. Santiago, 1998, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.